



**FORO**


# Proxectos culturais e Fondos europeos en Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

## CONTEXTO

### O sector cultural achega:



*Galicia é a quinta Comunidade con máis empregados no ámbito cultura **34.000 persoas***

**3%** do PIB galego

**1.740M€** en 2019

**3,6%** do emprego en Galicia

### Últimos datos 2021 (informe Consello da Cultura Galega\*):

- » No 2º trimestre do ano superouse o número de traballadores neste sector en comparación con 2019
- » Galicia é unha das 4 únicas Comunidades que incrementou a súa masa laboral no ámbito cultural



**Oportunidade estratéxica:** a cultura recibira un 1,1% dos fondos extraordinarios anunciados pola Comisión Europea para España.

## XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS

A Xunta concibe os fondos europeos como unha oportunidade para transformar os sectores culturais galegos, de xeito que supoña a súa modernización e competitividade no marco dunha cultura:



Innovadora



Dixitalizada



Sustentable



Nestes momentos a Xunta de Galicia está a desenvolver varias liñas de acción no período 2021-2023 por un importe de **19,1M€**

## PROXECTOS EN DESENVOLVEMENTO



Hub audiovisual-industria  
creativa de Galicia



9,6M€

### Principais medidas:



» **Apoio ao sector audiovisual:** Fondo de atracción de rodaxes, desenvolvemento de proxectos audiovisuais agrupados, Film Comission, Polo de talento.




» **Plan de desenvolvemento creativo e empresarial do sector de videoxogos:** Polo de desenvolvemento de talento, instrumento de financiamento: Fondo de desenvolvemento de videoxogos.



» **Accións transversais para o conxunto da Industria Cultural e Creativa:** Fondo de dotación tecnolóxica, AGADIC responde.

## PROXECTOS EN DESENVOLVEMENTO



### Oito proxectos de fondos finalistas ao abeiro do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España



9,5M€

» Apoio a <b>aceleradoras culturais</b>	⇒ 886.320€
» Ampliación e diversificación da <b>oferta cultural</b> en áreas non urbanas	⇒ 1.257.289€
» Modernización das <b>infraestruturas</b> das artes escénicas e musicais	⇒ 2.090.111€
» Medidas de conservación, restauración e posta en valor do <b>patrimonio cultural inmovible</b>	⇒ 3.247.053€
» Dotación de <b>bibliotecas</b>	⇒ 716.611€
» Dixitalización e documentación de <b>bens culturais</b>	⇒ 340.000€
» Descrición e dixitalización de <b>fondos documentais</b>	⇒ 103.527€
» Axudas a <b>salas de cinema</b>	⇒ 843.697€

# 4 PROXECTOS PRESENTADOS

A Xunta elaborou 8 proxectos de carácter cultural e lingüístico para optar ás convocatorias de axudas europeas, coa finalidade de impulsar a transformación e a modernización dos sectores da cultura galega



Importe total previsto

**197M€**

## Proxectos:

- » A nosa pegada. **60M€**
- » Confín dos verdes castros. **12M€**
- » Cultura Circular. **10M€**
- » Cultura Emerxente. **20M€**
- » Museo+. **10M€**
- » Ribeira Sacra. **40M€**
- » Stellae 5.0. **25M€**
- » Proxecto Nós. **15M€**

## PROXECTOS PRESENTADOS



### A nosa pegada



60M€

- » Favorecerase a **posta en valor, conservación, recuperación e mellora do patrimonio** construído de Galicia, recuperando en poñendo en valor os **Bens Singulares** do patrimonio cultural, fomentando a súa difusión e promovendo un turismo sustentable vencellado ao patrimonio galego, parte da identidade do noso territorio.



### Confíns dos verdes castros



12M€

- » Recuperarase e porase en valor o extenso **patrimonio arqueolóxico galego**, mellorando a súa accesibilidade e fomentando un **turismo sustentable** ligado a estes elementos culturais. Para facelo, realizaranse accións orientadas á mellora e rehabilitación dos elementos arqueolóxicos e a súa contorna inmediata e incluíranse as novas tecnoloxías na difusión do patrimonio arqueolóxico.

## PROXECTOS PRESENTADOS



### Cultura circular



10M€

- » Impulsarase a **dixitalización da cultura galega** mediante o desenvolvemento e implementación de ferramentas e procesos tecnolóxicos que permitan crear e difundir contidos dixitais culturais, con especial atención á produción de proxectos dixitais no ámbito das industrias culturais de Galicia.



### Cultura emerxente



20M€

- » Impulsaranse os procesos de creación e difundiranse os seus resultados dentro e fóra de Galicia. En concreto, favorecerase as liñas de acción que procuren proporcionar e facilitar a **participación igualitaria** de toda a poboación nas manifestacións culturais.



## PROXECTOS PRESENTADOS



### Museo+



10M€

- » Promoveranse uns **museos máis innovadores, dixitais, sustentables e eficientes**, orientados ao seu desfrute por parte da cidadanía desde unha perspectiva inclusiva, garantindo a súa accesibilidade e aproveitando a súa capacidade para crear sinerxías na sociedade.



### Ribeira Sacra



40M€

- » Aposta pola **conservación e posta en valor dos valores culturais e das características da paisaxe cultural da Ribeira Sacra**, así como a mellora dos núcleos rurais desta zona. A través deste proxecto búscase reforzar as potencialidades deste espazo, candidato a obter o recoñecemento do Patrimonio Mundial por parte da UNESCO.

## PROXECTOS PRESENTADOS



### Stellae 5.0



25M€

- » A través da alianza entre a Xunta e a rede CRUSOE, este proxecto busca tratar de xeito integral a **preservación, rehabilitación, difusión e valorización do patrimonio material e inmaterial vinculado ao Camiño de Santiago** impulsando a transición dixital dos recursos patrimoniais e integrando no seu desenvolvemento a cidadanía, universidades, entidades públicas, empresa privada e terceiro sector.



### Proxecto Nós



15M€

- » Xerarase e compilarase unha **ampla variedade de recursos lingüísticos dixitais de calidade en galego, gratuítos e en código aberto**, para que poidan ser empregadas por empresas e institucións. Ademais, Nós favorecerá a creación dun ecosistema de empresas tecnolóxicas que farán posible o desenvolvemento destes proxectos.

# LIÑAS DE FUTURO

## Proposta:



- » Continuar o proceso de diálogo e participación dos sectores culturais de Galicia para traballarmos na mellora dos proxectos en marcha ou xa elaborados; e na proposta de novos proxectos culturais que accedan á captación de fondos europeos.
- » Planificar proxectos estratéxicos e tractores, que innoven, que sexan sustentables, que arrastren a diversas partes da cadea de valor da cultura galega, e que xeren servizos e produtos de calidade, diferenciados e competitivos a nivel nacional e internacional.

# LIÑAS DE FUTURO



## Retos e liñas de traballo:

- » Fortalecemento da industria cultural e creativa
- » Transformación dixital
- » Actualización da rede de equipamentos culturais
- » Impulso á creación e oferta cultural
- » Desenvolvemento da cultura no medio rural de Galicia
- » Fortalecemento da produción en galego
- » Valorización do patrimonio cultural de Galicia

## CREACIÓN DE GRUPOS DE TRABAJO

- » Crearanse **oito grupos de traballo** para deseñar proxectos de transformación estratéxica da cultura galega a desenvolver con fondos europeos.

### Temática dos grupos



- » Audiovisual
- » Artes Escénicas
- » Libro
- » Música
- » Institucións culturais
- » Artes visuais
- » Patrimonio cultural
- » Tecnoloxías da lingua

### Manteranse dúas xuntanzas en formato presencial:

- » Primeira xuntanza
- » Segunda xuntanza

FEBREIRO

MARZO

## PROPOSTA FINAL

### As diferentes xuntanzas terán como obxectivo:



- » Valorar as necesidades do sector e engadir liñas non incluídas nos proxectos elaborados pola Xunta de Galicia.



- » Abrir un proceso de interacción cos sectores culturais de Galicia para traballarmos en novos proxectos culturais que accedan á captación de fondos europeos



- » Planificar proxectos estratéxicos e tractores innovadores, sustentables, que arrastren a diversas partes da cadea de valor da cultura galega e que xeren servizos e produtos de calidade, diferenciados e competitivos a nivel nacional e internacional



XUNTA  
DE GALICIA